

## CP-06

### COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE

DATOS DO/A SOLICITANTE	DATOS DO NOVO SOLICITANTE		DNI/CIF
	DATOS DO SEU REPRESENTANTE		DNI/CIF
	Enderezo para efectos de notificación		Concello
	Código Postal	Teléfono 1	Teléfono 2

SOLICITUDE	<b>Emprazamento do local:</b> Emprazamento.....Nº..... Referencia catastral.....	
	<b>Descrición da actividade</b>	
	Descrición da actividade:	Epígrafe actividade
	Superficie total :	m2
	Nº Expediente da licenza de actividade/comunicación previa:	Potencia mecánica CV
	Data do outorgamento da licenza/data da presentación da comunicación previa:	
	<b>DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE</b> que é certo o que manifesto, e, que achego a seguinte documentación que acredita: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Que remataron as obras necesarias para o acondicionamento do local autorizadas/comunicadas con carácter previo ao inicio da actividade por licenza municipal/comunicación previa, axustándose ás súas determinacións como consta no certificado final de obra asinado por técnico competente achegado.</li> <li>- Que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e que o local e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, funcionalidade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico e normativa sectorial aplicable.</li> <li>- Que a actividade conta coas autorizacións e informes sectoriais que resultan preceptivos para o seu exercicio.</li> <li>- Que conta coas autorizacións para a ocupación do dominio público ou sectoriais que resulten necesarias.</li> <li>- Que se cumpre cos programas de uso e mantemento de todas as instalacións e equipos autorizados segundo as disposicións dos regulamentos de aplicación.</li> <li>- Que conta cos boletíns técnicos das instalacións coas que conta a actividade.</li> <li>- Que o local conta coa instalación de sonómetro homologado co correspondente limitador, para as actividades susceptibles de contaminación acústica en edificacións de uso residencial.</li> <li>- Que a actividade dispón de extintores, iluminación de emerxencia, sinalización e demais condicións e instalacións de protección contra incendios segundo o disposto na normativa vixente.</li> <li>- Que as instalacións cumpren cos regulamentos técnicos específicos de instalación e normas fixadas no planeamento municipal.</li> <li>- Que no caso de estar incurso no catálogo de espectáculos públicos ou que polo desenvolvemento da actividade se produza emisións, verquidos, residuos... adopta as medidas correctoras preceptivas e mecanismos de control.</li> <li>- Que o funcionamento da actividade se realizará nos horarios e co aforo previstos na documentación técnica.</li> </ul>	
	<b>DECLARO, ASÍ MESMO:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- que a actividade cumprirá os requisitos esixidos pola normativa de aplicación e manterá as medidas correctoras precisas para o correcto desenvolvemento da actividade durante o tempo do seu exercicio, (as actividades nocturnas e as diurnas susceptibles de contaminación acústica disporán do correspondente certificado de illamento acústico do local expedido por empresa homologada, asinado por técnico competente).</li> <li>- que ao tratarse dunha actividade de exercicio continuado, axustarase ás esixencias derivadas da nova normativa que resulte de aplicación, previa obtención das autorizacións, que no seu caso, resulten preceptivas para o seu exercicio.</li> </ul>	

COMUNICO que iniciarei a actividade a partir do día.....(en caso de non indicar data entenderase a partires do mesmo día da presentación da instancia).

ADVIRTESE QUE consonte co disposto no apartado 4º do artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común a *inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación perante a Administración competente da declaración responsable ou da comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.*

Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo isto, consonte aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación

AUTORIZO aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta Administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da obra a executar.

Consonte coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Ferrol. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito e presentándoo perante o Rexistro do Concello.

OCUMENTACIÓN  
A PRESENTAR

- Impreso CP-06 de comunicación previa de inicio de actividade

**Datos identificativos do solicitante:**

- Persoas físicas: DNI (ou documento que faga as súas veces). Os que comparezan ou asinen en representación doutro, acompañarán ademais un documento que acredite debidamente devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).
- Persoas xurídicas: DNI do representante e documentación acreditativa da representación e Escritura ou documento de constitución e/ou Estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda.

- Carta de pagamento:** será confeccionada no momento de presentación da comunicación previa polo Rexistro de Urbanismo (Edificio de Urbanismo, 3º andar)

- Documento acreditativo da dispoñibilidade do local** (escritura de compravenda, contrato de arrendamento, etc)

- Certificado de EMAFESA** xustificativo de que o local está dado de alta no servizo de subministración de auga potable para a actividade a desenvolver (solicítase no local sito na Praza da Ilustración, 5-baixo). De ser o propietario do local o solicitante, poderá achegar a fotocopia do contrato de subministración de auga potable ao seu nome.

- Certificado de fin de obras** das obras, conforme estas se executaron de acordo co proxecto e licenzas que se autorizan/comunicacións previas presentadas, asinada polo/a técnico/a director/a e visada polo colexio profesional correspondente.

- Certificado de illamento acústico do local** expedido por empresa homologada, asinado por técnico/a competente da empresa homologada (PARA ACTIVIDADES SUSCEPTIBLES DE CONTAMINACIÓN ACÚSTICA)

- Instalación de sonómetro homologado co correspondente limitador**, para locais de actividades susceptibles de contaminación acústica en edificacións de uso residencial.

- Autorización ou declaración ambiental** que proceda.

- Autorizacións e informes sectoriais** preceptivos.

DATA E SIGNATURA	Data da solicitude	Sinatura do/a solicitante
	Código da solicitude	
	CP 06	

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL